

## FEITOS 2016

- Participación no II seminario de Xestión e Conservación dos Ecosistemas Fluviais organizado pola Universidade de Vigo.
- Saída divulgativa ás Brañas no Día dos Humidais.
- Participación na Xornada de Limpeza Simultánea de ríos coordinada por ADEGA.
- 3 xornadas de erradicación da herba da pampa.
- 3 xornadas de erradicación da falsa acacia.
- Exposición de fotos de Nelson do río Gafos
- 4 xornadas de mantemento da presa e muíño do Toxal.
- 4 xornadas de mantemento do muíño de Cabanas e do seu entorno.
- Charla informativa en colaboración coa Asociación Heroes do Campo da Porta sobre a Vespa Velutina
- 5 visitas guiadas ao río.
- Xornada de limpeza da ponte Valentín
- Participación no programa VOZ NATURA.
- 16 xornadas de limpeza (dende Figueirido ata R/ Otero Pedrayo) con desbrozadoras para o mantemento do sendeiro.
- 6 xornadas de limpeza dentro da Campaña de Limpeza 2016.
- Participación no programa Noites Abertas do Concello de Pontevedra.
- Xornada de Herbas e Rituais de San Xoán e presentación do documental "Herbas e rituais de san Xoán"
- 2 xornadas de retirada de árbores do río
- 8 denuncias de vertidos ao río
- Campaña de divulgación, por diferentes centros educativos, dos Tesouros Biolóxicos do río Gafos II
- 1 denuncia a Red Eléctrica Española por tala indiscriminada no río Toxal
- 1 denuncia de tala de ameneiros no dominio público do río
- Posta en coñecemento do Concello de Pontevedra da situación de deterioro das pasarelas e pontes de madeira no tramo rural do río
- Presentación do libro "Flora do río Gafos"
- Participación na Asemblea Xeral Ordinaria da F.E.G. (Federación Ecoloxista Galega)
- Coordinación do traballo "Listado de plantas de floración invernal do río Gafos"
- Envío aos principais arquivos e bibliotecas de Galicia do diferente material publicado (libros, audiovisuais, etc.)
- Solicitud a ADIF e Fomento de adecentamento da vía de servizo do T.A.V
- Participación no recoñecemento por parte da Fundación Cuña-Casasbellas a Vaipolorío
- Proposta a Asociación Difusión Felina para o premio Cidade de Pontevedra 2016
- Tódolos sábados voluntarios de Vaipolorío acompañaron a persoas condenadas a cumprimento de traballos en beneficio da comunidade e a alumn@s do programa Erasmus+ a realizar diferentes traballos no río.

**DURANTE O ANO 2016 SUMÁRONSE MÁIS DE 100 DÍAS DE PRESENZA ACTIVA EN ACTIVIDADES DIRECTAMENTE RELACIONADAS CO RÍO**